

Resolución do 12 de setembro de 2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia pola que se aproba a convocatoria de consulta preliminar do mercado no marco do programa de compra pública de innovación Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 verde.

A Secretaria Xeral Técnica, como órgano de contratación, vista a documentación do proxecto denominado Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 verde, resolve :

PRIMEIRO.- Aprobar os seguintes documentos que integran a Convocatoria á Consulta Preliminar ao Mercado conforme ao artigo 115 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; no marco do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 verde" nos que se establecen as condicións que han de rexer o devandito procedemento:

- Bases da Convocatoria/Clausulado
- Anexo I: descrición de necesidades non cubertas
- Anexo II: formulario para o envío de propostas
- Documento Preguntas e Respostas-FAQ

SEGUNDO. - Dispoñer a apertura da Consulta Preliminar do Mercado no marco do proxecto Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 verde.

TERCEIRO. - Ordenar a publicación desta resolución no perfil de contratante da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

En Santiago de Compostela, na data da firma dixital.

O secretario xeral Técnico

José Ramón Pardo Cabarcos

